

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Acordo de concesión provisional de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2023

ANUNCIO

Por Xunta de Goberno Local do Concello de Porto do Son, na sesión extraordinaria do 21.04.2023, aprobouse a concesión provisional das becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2023.

EXPEDIENTE 77/2023. CONCESIÓN PROVISIONAL DE BECAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE PORTO DO SON 2023.

Antecedentes

Vista a Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 08/07/2021, pola que se establecen as bases reguladoras para o outorgamento de becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son (BOP núm. 172 do 09/09/2021).

Vista a convocatoria das becas publicada no BOP núm 41, do 01/03/2023.

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 2023-289 do 21/03/2023, polo que se designa ao órgano instrutor e aos membros da comisión avaliadora das axudas.

Visto o informe do órgano instrutor de data 11/05/2023 relativo ás solicitudes que cumpren os requisitos para poder ser beneficiarios da subvención e o certificado de secretaría das solicitudes presentadas.

Vista a Acta de valoración da Comisión das solicitudes examinadas e que serviu de base para a redacción da proposta de resolución do órgano instrutor, Coordinador deportivo, tal como se sinala na base 8ª, que foi emitida o día 18 de abril de 2023.

Considerando que a concesión provisional será aprobada pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido na base 8ª da convocatoria.

Visto canto antecede, **ACORDAR:**

Primeiro.- Aprobar a concesión provisional das becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe
2023-E-RC-1251	B	53	1.376,61 €
2023-E-RC-1287	B	13	337,61 €
2023-E-RC- 1244	B	11	285,67 €
2023-E-RC-1245	C	12	461,52 €
2023-E-RC-1249	C	7	269,22 €
2023-E-RC-1240	C	7	269,22 €

Segundo.- Denegar a axuda ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto:

Nº Rexistro	Beca	Puntuación	Motivo denegación
2023-E-RC-1765	-		Fora de prazo.
2023-E-RC_1575	B	4	Non alcanza a puntuación mínima.
2023-E-RC-1405	B	10	Posición de 4ª clasificado das becas B.

Terceiro.- Segundo o establecido na base 8ª da convocatoria, conceder un **prazo de dez días hábiles** dende o seguinte á publicación da concesión provisional no BOP **para que as persoas beneficiarias comuniquen a súa aceptación** ou, no seu caso, para que efectúen as alegacións que consideren oportunas, sen que esta concesión provisional supoña a creación de dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte á administración.

Coa comunicación da aceptación deberase achegar, en todo caso, unha **declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas** fiscais co Concello de Porto do Son, así como das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7. e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Cuarto.- Notificar aos interesados, mediante publicación no BOP

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Instrutor e aos departamentos de Deportes e Intervención aos efectos oportunos.

En Porto do Son, a 25 de abril de 2023.

O ALCALDE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2023/3271